

Lembranza de Valentina



Xosé Neira Vilas

O 16 de xuño de 1963, Valentina Tereshkova viaxou ó espacio exterior na nave *Vostok-6*. Foi a primeira muller cosmonauta. Acontecemento histórico. Dous anos antes fixérao Yuri Gagarin, o primeiro en circunvalar o noso planeta.

Pasaron 50 anos e ela ten agora 76. Foi condecorada por Vladimir Putin, na ocasión deste aniversario. Denantes de recibir a condecoración, puxo un ramo de flores diante do monumento de Gagarin.

De entre máis de catrocentas candidatas para este voo foron escollidas cinco. Valentina era unha delas. Filla de campesiños, obreira téxtil, estudou enxeñería e fixo prácticas de paracaidismo. Aquela proeza foi tamén un triunfo da muller en xeral. Cadra que semanas despois viaxou a Cuba e Anisia e máis eu fomos invitados para un encontro con ela na sede nacional da Federación de Mulleres Cubanas. Puidemos saudala, darlle a man, e tras do saúdo un amplo sorriso de amiga. Contounos a todos a súa peripecia de obreira, estudante universitaria, paracaidista; contou da súa rigurosa preparación e da experiencia de lle dar 48 voltas á Terra.

Falou de cando estivo dez días metida nun habitáculo baldeiro, e de cando voou nun caza supersónico, no que tiña que comer, escribir e falar por radio ós poucos. Despois daquela aventura casou con outro cosmonauta, tivo unha filla, divorciouse e volveu casar. Hoxe é unha muller leda e optimista que segue soñando con ir a Marte aínda que sabe que os primeiros que o fagan viaxarán só de ida.

Escritor